

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.
Coste d'un número 10 >

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 >


Pagos adelantados

Redalción e Adeministración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 37

A CRUÑA 20 DE SANMARTIÑO DE 1917

OS ANTI-REXIONALISTAS, por Castelao



FERRER - CORUÑA

CASTELAO

—¡Mentras isto dure!...

A EMBAIXADA GALEGUISTA

As "Irmandades" prantean o problema rexional diante de toda España

O día 24 ou 25 d'este mes—drento de poucas horas coma quen di—sairán pra Barcelona c'o ouxeto de tributarlles unha visita de gratitude ós rexionalistas cataláns pol-a axuda que emprestan a Galicia pra que ésta poida conquistar a liberdade, un fato de representantes do galeguismo sementado pol-as «Irmandades da Fala», institucións cidadanas e patrióticas que buscan no espertamento da conciencia nazonal da terra o camiño da nosa redención.

Ao ano de fundárese iste boletín, ó ano é meio de vida das «Irmandades», saudadas ó naceren coma cousa lírica, sentimental, coaseque inconsciente, ollámonos xa preto do trunfo. Como que as «Irmandades» fono o andamiaxe dend'o que se fixo a reconstrución da Patria galega esmorecida. E fóronno deica tal punto, que oxe teñen un releve e unha personalidade que non abrangueu endexamais ningún movemento da terra. Movemento d'almas, d'ideias, de pensamentos e sentimentos que chegou á entranza da raza.

Pro supoñedes que todo isto fixose con catro mitins e vinte conferencias? Non, non.

Todo isto fixose a forza d'axeitar sacrificios na vountade d'unha xuntanza cotián d'enxebres xermoladores de fe e practicadores d'a abnegación e o impersonalismo.

Foi e sigue sendo xente moza coaseque toda ila, que, sin sair do anónimo—do anónimo que será de xusticia sacala o día do trunfo—traballa arreo no conqurimento d'espiritos galegos pr'á causa da redención.

Ao fundárense as «Irmandades» achegáronse a elas xentes sin folgos pra ningunha rexa cruzada idealista que sinten a atracción de todol-os *subismos*; achegáronse tamén aqueles que buscan en todo unha pratarforma pra brilar, E fono desachegándose de nós tan axiña como puideron decatarse de que non tiñan vocación pra seren profesos n'unha relixión de sacrificios.

Pro viñeron xentes novas, rapaces honrados que levan na frente unha estrela, e istos rapaces axuntándose total-as noites dende fai un ano, n'unha xuntanza exemprar na casa da «Irmandade», tenazmente, metódicamente, sin desalentos, traballaron e traballan uns intelectualmente, outros materialmente, cada cal con axeitamento ás suas aitudes, na porpaganda pol-o boletín, pol-a folla imprentada, pol-as cartas, pol-as conferencias, pol-os mitins, pol-os folletos, pol-os libros e deica pola violencia cando éra perciso.

E logo de daren o traballo de seu, logo de rendiren seu esforzo, inda poñían e poñen os cartos do seu peto,—cartos ganados na dura loita da vida modesta, cartos representantes de suor e sacrificio—á devoción da causa que non terá pra iles recompensa material nin outra satisfacción que a do deber cumprido.

Estes apóstoles sixelos e dinos, son os merecentes de total-as loubas e total-as lembranzas. Xa chegará o momento de facerlles xusticia, xa que son homes históricos. Eles que non brillan son os que fan o brillo dos nosos inteleutuás. Por eles temos cumes, porque os cumes non eisistirían—dixo Ortega Gasset—se non fose pol-o que hai debaixo.

Houbo un momento no que espiritos inconscientes ou cegos por unha cativa pasión euística, estrevíronse a dicir que as «Irmandades» levaban mal camiño. E ¿había outro millor?

Atopámonos na hora da mais outa responsabilidade que pesou endexamais sobre Galicia. Os nosos problemas, pol-a ves primeira, van pranteárense solenemente ante España enteira, gracias ás «Irmandades da Fala». Somentes os escravos, os probes d'esprito e os esprotadores noxentos do vello *statu quo* poden poñérense contra de nós. Os galegos dinos, os galegos honrados, os bós galegos, atoparánse agora, sexan da directa ou da esquerda, á nosa veira. Abrímolos brazos pra apreixar a todos, c'o corazón latexante d'amore. Imos a faguer un novo sacrificio—sacrificio de traballo, de cartos e d'intranquilidades—no altar da patria. Un sacrificio supremo que cada un dos que o fan sabe o que val. Un sacrificio superior ás forzas económicas de cantos, xentes modestas que viven ó día, peitan sin trégoas, pol-a liberdade galega.

Cataluña e Galicia vánse dare a aperta d'irmáns que simboliza, non soio o afán de redención d'entrambas rexións, senon o desexo de traballaren pol-o nacimiento d'unha grande España.

*
*
*

Eiquí tedes agora a lista dos nazonalistas galegos que axiña sairán pra Barcelona.

Rodrigo Sanz, abogado e publicista, do Ateneo de Madrid, *leader* da finada e gloriosa Solidaridá Galega, e un dos iniciadores das Asambleas agrarias de Monforte.

Aurelio Ribalta, filólogo, poeta e publi-

cista, director do boletín e sección ateneista *Estudios Galegos*.

Manoel Banet Fontenla, doutor en Dereito e notario de Monforte.

Antono Valcárcel, abogado, poeta, publicista e segredario da Cámara do Comercio da Cruña.

Lois Porteiro Garea, catedrático de Dereito da Universidá compostelán e concexal agrario do Municipio d'aquel pobo.

Lois Pena Novo, de Villalba, abogado e porpagandista agrario.

Antono Vilar Ponte, farmacéutico, xornalista e persidente da «Irmandade da Fala» da Cruña.

Antono Lousada Diéguez, catedrático de Psicología do Instituto d'Ourense.

Ramón Vilar Ponte, licenciado en Filosofía e Letras e escritor.

Leandro Pita, escolante de Dereito en Compostela, da diretiva do Ateneo d'aquela cidade.

Vázquez Enríquez, abogado e concexal do Municipio santiagués.

Farán en Barcelona a «Semana galega», dando conferencias sobre os principás temas de carácter rexional, no «Centro autonomista dos dependentes do Comercio». Tamén porunciarán algús discursos no Ateneo barcelonés.

Estudarán a organización rexionalista da Cataluña e trocarán impresións c'os correligionarios d'aquela terra sobre a prúsima porpaganda por Galicia.

A NOSA TERRA sauda ós rexos e dinos embaixadores do galeguismo con istes dous berros ateigados d'espranza e amore: ¡Visca Catalunya! ¡Viva Galicial!

OS LABREGOS DE LUGO

AS forzas vivas de Lugo veñen facendo xestiós preto do Goberno pra solucionar o problema da falla de vagóns pr'ó transporte do gando.

É un problema de fondo intrínseco, xa que da sua solución depende a salvación ou a ruína da primeira riqueza d'aquela provincia.

As xestiós das forzas vivas luguesas parécenos boas. Mais nós opinamos como *La Voz de la Verdad*, que non abonda con telegramas. Fai falla unha Asamblea popular, unha forte manifestación na que se berre e non se pregue; na que s'eisixa; xa que a razón e a xusticia están da nosa parte.

Pol-o pronto, as «Irmandades da Fala» por mediación do Sr. Rof y Codina conseguiron que o Centro Galego de Barcelona se dispoña, con serias garantías, a organizar un servizo dereito, sin intermediarios, pra a esportación do gando, antre él e a Sociedade de Labradores.

E as «Irmandades da Fala» tamén apojarán cantas xestiós fáganse na cidá do Sagramento.

A NOSA PORPAGANDA

Conferencias de Porteiro e Valcárcel

ORGANIZADAS pol-a «Irmandade da Fala» dóu o catedrático da Universidade com-postelán Lois Porteiro Garea dúas conferencias no *Circo d'Artesans* da Cruña. Porteiro falou sempre en galego. A ouvílo asistiu unha inmensa concurrencia, antr'a que había moitas señoras e señoritas.

Persentóuno noso irmán Antono Villar Ponte.

O xoven conferenciante déu comenzo á sua disertazón pranteando, en primeira termo, o concepto de nazonalidade, pra análise dende todol-os puntos de vista. Amostróu cumpridamente o absurdo que resulta afirmar qu'o movemento nazonalista galego, como ningún outro, poida en modo algún resolverse n-un afán de separatismo, pra vir a rematar na conclusión de que, eiquí, os únicos separatistas son os gobernantes e os caciques, que a cotío viven ô marxe da legalidade e bulrando de cote o estatuido.

Dixo que Galicia, o mesmo que todo pobo de personalidade determinada e definida que desexa sere algo no mundo, ten que adquirere unha cultura de seu. A personalidade dos pobos, según o conferenciante, a medida que se diferenza e se intensifica,

contribue a xuntalos n-unha superior comitanza civilizadora.

Fixo ouservare—falando da necesidade do idioma propio pr'o cultivo e desenvolvemento do propio pensamento—qu'antre o labrego castelán e o intelectual castelán existe certo fondo común d'unidade que non s'ouserva antre o labrego e o home culto de Galicia, de onde ven un divorcio mortal antre a nosa campía e a nosa cidade.

Analizóu o concepto d'Estado dende a antigüidade á data, citando pensamentos de grandes pensadores, antre eles dos alemás Koller e Ihering, e do francés Renán, pra deducir qu'o sindicalismo profesional e o autonomismo teñen a sua base científica que arranca das existencias modernas.

Afirmóu qu'as concrusiós da Asambrea de parlamentarios que se refiren á autonomía das nazonalidades españolas, axiña terán de sere levadas á práctica con respecto d'aquelas que s'atopen en condicións de faguelas viables. ¿E falando d'isto decía: «¿Cando se lle pergunte a Galicia si quere a autonomía, si quere a liberdade que temos de responder? ¿Si ou non? (Algunhas voces: ¡Sí!

Si, digo eu tamén—escrama o orador;—mais o caso é que non-o digamos unhos centos, poque pode dárese o caso de que non merezamos sere ceibes e arreneguemos da liberdade, amostrándonos coma menores d'idade e ingobernabres, do xeito que decía Moret qu'o eran todol-os pobos d'España esceito Cataluña. Temos que pranteármomos iste serio e trascendental problema; temos que create unha concenza colectiva que non admite demoras, que non terá tempo d'intellectualizárese en pouco tempo.

Falóu do concepto probe que de Galicia e dos pobos celtas teñen esquirtores estranxeiros, deica o punto de reputalos pobos escravos, incapaces de goberno propio.

Rematóu o conferenciante decindo qu'a labor qu'as «Irmandades da Fala» realizan, é isa d'espertare o sentimento colectivo, por xuzgalo de suprema urxencia, erixíndose en directoras pra o seu adevenimento, chamando con voces d'amor a todol-os galegos conscentes pra que se sumen á gran obra, á que axudará Cataluña na medida qu'un pobo pode axudar a outro de difrentes características.»

Até eiquí o resumen lixeiro, brevisimo da primeira conferencia, interesante sobre toda ponderazón, com'o os nosos lectores poderán xusgar pol-a reseña feita, conferencia que tivo un dino remate na segunda da que donamos tamén un lixeiro extrato.

N'ista segunda conferencia comenza o orador por facer un breve resume do esposto na primeira. Afirmo que os rexionalistas ô preconizar o emprego do galego non-o fan porque sintan xenreira contra o idioma de Castela, pois sin él a sua cultura no houbera chegado a formárese, sinón por outras razóns poderosísimas que non eisixen o desbotamento do castelán, sinón que pol-o contrario dan lugar a qu'a cultura rexionalista chegue a sere bilingüe.

Referíndose a recentes sucesos dixo qu'os rexionalistas queren a responsabilidade do Estado, pra que cando os seus representantes cometan abusos e estralimitaciós, poida eisixirle a reparación das inxusticias cometidas; con tal motivo citóu o caso de ben recentes detenciós, que pol-o inxustas tiveron de sere deixadas sin efeuto ô cabo d'uu tempo mais ou menos longo, sin qu'o individuo perxudicado se lle fixera a menor reparación.

E isprica logo as tendencias e orientaciós da campaña que veñen facendo as «Irmandades da Fala» pra queixárese de certo receio con que os elementos dereitistas parecen acollere á aquelas entidades non sumándose a elas. Falando das «Irmandades» manifesta como o movemento que están facendo non é un movemento que supoña a creación d'un novo gremio político, sinón qu'a sua autuación e algo onde collen os

Poderan-as cadeas
agrilloal-os peitos;
riba dos rexos corpos
gravearan-os ferros;
os brazos, apreixados
pol-o asoballamento,
inermes e cinguidos
pr'os bariles intentos,
serán inxustamente
submetidos y-opresos.

Mail-as outas ideyas,
os sagros pensamentos,
ninguien pode cinguil-os,
ninguien pode contal-os: nin Dios mesmo.

* *

Poderan-os escuros,
d'inxusticia famentos,
asoballal-as almas
no ruín choemento;
e sobor das concencias
deixar sintil-o peso
brutal da *Lei sin Lei*
qu'estoumiña o Dereito

antre as paredes mouras
do miserabre encerro.

Mail-as outas ideyas
os sagros pensamentos
ninguien pode cinguil-os
ninguien pode contal-os: nin Dios mesmo.

* *

¡Ouh nobres loitadores
dos meus garridos eidos!
Dos nosos peitos nobres
facendo un soyo peito,
d'hai que cair cayamos
crebando o duro ferro,
e no chan ben amado
deixémol-o regueiro
de lus da Liberdade
e na abirta a semente do Dereito.

Poil-as ideyas santas,
os sagros pensamentos,
ninguien pode cinguil-os,
ninguien pode contal-os: nin Dios mesmo.

V. TAIBO.

homes de boa vountade que seipan pôr a Galicia por derriba de todo, sin ter en conta pra nada as tendencias dos individuos.

Despois, de maneira rápida pro chea de substancia, disertou sobre os mais principais problemas económicos de Galicia. Dixo que o capital galego non s'aproisimaba ós rexionalistas porque, medoso como é, poñíase sempre do lado dos que non puidesen perxudicalo por ter o mando nas suas mans, cousa que non ocorre en Cataluña o en Baskonia pois alí os que mandan son os donos do capital. Fala de que o noso capital lonxe d'adicárese a eisprotar as riquezas propias, emigra, indo a colocárese en terras alleas, e percisamente agora, cando a guerra europea facía máis necesaria a sua autuación dentro do país.

Tratando a custión agraria e gandeira di qu'as «Irmandades da Fala» fan seu canto sobre aquela custión resolveron as Asambleiras de Monforte e Ribadavia.

Alude á riqueza mineira e hidráulica de Galicia, amas d'importancia considerabre. Falando da primeira eiscita ós capitalistas galegos pra qu'empreguen seus capitaes na eisprotazón das nosas minas nas que, a guerra europea, fixo que moitos ollos se fixasen con cobiza, máisime tendo á nosa veira as minas carboníferas de León.

Ocupándose da lexislación social dixo o conferenciante que, inda que n'este senso algo se fixera en España, quedaban dous puntos importantes sin atender: o seguro contra o paro forzoso e contra as doenzas que non son consecuencia do traballo: ó falar do primeiro aconsella ó Municipio cruñés qu'inicie a caixa de pensións para obreiros que s'atopen en paro forzoso; a imitación do que n'este senso fixeron xa Valladolid e Cádiz. Di qu'a lexislación social fíxose atendendo soio ós obreiros das cidades, porque estes podían sere unha ameaza e un perigo pr'o Estado, mais qu'en troques os obreiros do campo, os labregos, ficarán esquecidos, esquecemento contra o que os rexionalistas

berraban demandando pra eles melloras, antre elas, principalmente, o desgravamento arancelario, pois por este proteccionismo esaxeirado, gracias ó cal outras rexións viven, os nosos labregos pol-o dereito de comer pan pagan catro millós de pesos anuaes, según demostrou, n-un notabilísimo traballo séu, Rodrigo Sanz.

Pol-o derradeiro, fai o ourador unha rápida eisposición do que será a visita a Barcelona dos rexionalistas galegos e anuncia a próisima visita dos rexionalistas catalás que virán pra facer, xuntos cós galegos, unha fonda labor d'axitación rexional, labor que logo seguirán soio os galegos.

E remata afirmando que chegado o momento en que se lle pergunte a Galicia si quere a autonomía, si houbera representazóns da nosa terra que dubidasen na resposta ou respondesen en senso negativo, as «Irmandades da Fala» e cantos coincidisen con elas no pensamento, celebrarían unha gran Asamblea na que faráse un resumen de todo o qu'afeuta á rexión con ouxeto de que catalás e bascos defendéranos nas Cortes e impuxeran as nosas aspiracións. Elo probaría qu'a nosa y-alma achábase perdida cal sucede na fermosa poesía de Guerra Junqueiro, que o ourador recita, co-a y-alma do noso irmán Portugal.

* * *

Tamén na «Irmandade» dou outra conferencia noso quírido irmán Antono Valcárcel.

Ante un público seleuto disertou longamente sobre o orde a autoridade e o rexionalismo.

Valcárcel unha vez mais amostrou que é un home d'esquisito esprito, de fonda cultura artisticamente axeitada. Cantos problemas prantea resólveos con estreita lóxica. Encadea as verdades d'unha maneira admirabre. Chega á y-alma dos ouventes, suxeríndolles moitos pensamentos. Deduxo que o rexionalismo será a salvación d'España.

DA CALUÑA Á VILEZA

ERROS E INXUSTICIAS

A NDA por Barcelona un home, (debe de sel-o porque escribe), que fai tempo que se invirte en preparar unhos artigos que avergoñarían a calqueira xornal que tivese verdadeiro amor á verdade.

E moi cómodo facer afirmacións, pro é tamén moi fácil que si estas afirmacións teñen mala radicación, si toman xugo de un corazón podre, perda o crêto pra os homes sinceiros, quen se preste á dar calore co-a publicidade as semellantes enxendros de al-

gún parásito que anda buscando onde pousarse.

Temos lido as máis caluñosas críticas feitas do nacionalismo catalán e publicadas n-*El Liberal*. Xamáis gastamos nin un nisco de forza de ánimo, pra contermol-a indiñación, que en nós teña producido a lectura de tan inxustas críticas. Nas liñas de istas ollamos de cote a máis desperta lambonería, i-emporiso, ó lélas nós, non pensamos sinon n-o tempo que perde todo home que

pon noxenta vountade, estolidez e perversidade, ó mesmo tempo que parva intelixencia, n-unhas campañas que en ningures poden vencel-o movemento das ideas de unha época.

Os pensadores teñen de seren, pra a crítica, o que os xeneraes pr'o ataque: deben ollar ben onde está o punto débil, que na esfera intelectual e a sinrazón, o erro. Si alguén da en facer crítica reprobante contra de algunha idea forte e rexa, á forza de sere cousa certa, fai o mesmo que o atacante de unha forteza que dirixe as suas forzas de tan disgraciado modo, que cai co-ilas sobre do punto máis resistente: ten que levar moitos paus na refrega.

Ansí o señor de Barcelona, cuio nome nin siquera citamos, porque non-o merece, demostra que ten ben pouco arte pra sere crítico de alleas ideas, e ademáis, que sabe pouco por demáis pra obtére victoria, victoria que, no orde do pensamento, siñificase no respecto dos lectores. E a falta de tal respecto é o pau máis dôroso que calqueira escritor, máisime si é crítico, pode sentir en sí.

E cómo vai inspirar respecto un home que move a pruma co-a fachenda de quen quere indicar orientacións ó seu pobo, e mostra a sua ñorancia, xa que non o seu mal intenzado erro, respecto á finalidade da campaña rexionalista, á que il chama campaña *antidiluviana*, como si os que temos de facela, e a facemos, tivéramos unha aberta enemistade co catacrismo acuático que sirvéu á Noé pra verse sin competidores ó beber o famoso mosto?

Non crêmos que teñan importancia abondo os artigos caluñosos que publica *El Liberal*, pra que nosoutros lle fagamos o honore de unha refutación; pro non nos ven ben, deixar sin decir que tan *terrible* campaña, feita por un catalán contra das aspiracións da sua propia terra, ten que obedecer a un móvil fortemente individual; porque cando un home chega ó pe de un río e fai por roubarlle auga, sóio pode tratarse de unha de estas duas cousas: ou tal home quer regal-ar suas terras, ou intenta parala corrente. No primeiro caso é un movilizao pol-o interés; no segundo, un tolo...

E non decimos máis, porque o asunto non-o merece.

Mentras ceibo o ladrón vai por España, un sabio profesor foi hacia Ocaña...

É natural que fique n'isa feira a cátedra de Lóxica valeira...

LUIS DE TAPIA.

PINTORES D'ALMAS

ABELENDÁ

Tod'a nosa Galicia forte e sana
topa lus e color na sua paleta,
onde o culto ó paisaxe garda sitio
pr'o culto á aldea,
cal si quixese pôr n'unha xuntanza
pra todos garimosa e gasalleira
ó santo amor ó arte
y-o santo amor á terra.

E aquí son os muíños trouladores
que están arrodeados de silveiras,
metidos entr'a groria do follaxe
das alboredas,
arrulados de cote, noite e día,
pol-a canción bruante da represa,
que tñn voz de traballo
e tñn voz de colleita...

E alí son os copudos castiñeiros
—alma do souto amigo das aldeas—
que xa escaracochados pol-os anos
nas terroeiros,
amostan suas cachopas retorcidas
e us barudos xigantes asomellan,
preparados pr'a loita
e dispostos pr'a lea...

E huxe son os paisaxes ourensanos
que xa soyo con velos nos enmeigan,
condo o sol vai bicalos amoroso
na primavera...

E mañán son os vellos campanarios
que se encolgan enriba das igrexas
pra falarnos de mortos
e falarnos de festas...

E agora son as aldeanas chouzas
que ó atardecer se esconden entr'a brétema...
e son os horrios que o maíno gardan
ó pe das eiras...
e son os regatiños brincadeiros
que rosman e barullan entr'as pedras,
e calan nos remansos
e parolan nas veiras...

Tod'a nosa Galicia forte e sana
penéirase na lus da sua paleta.
Apóstol escolleito e convencido
do culto á aldea
quer predicar co exemplo pr'os incrédolos
trocando en relixión engayoleira
o santo amor ó arte
y-o santo amor á terra!

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

poderá abranguérese algo pr'à nosa reden-
zón, do contrario, o sucedido nas eleicións
municipaes repetirásese con aumento nas xe-
neraes, e Galicia ollarásese representada pol-o
que d'espurio hai na raza dos seus fillos, ou
pol-os estranxeiros que lle dona unha tiranía
qu'a asoballa.

* * *

Non foi n-un soio punto onde os atropel-
llos cometéronse; onde queira que eixiste
unha xuntanza agraria e isa xuntanza quixo
loitar pol-o conqwerimento do Municipio all
os caciques, bulrándose das ordes superio-
res e pensando qu'o vello *statu quo* sigue en
pe, fixeron e desfizeron ó seu antoxo. Os
agrarios de Pantón, Sober, Pontearas e Vi-
lanova de Lorenzana, por non citar mais
puntos, poden dar boa fe das nosas afirma-
zóns.

Nosoutros, que a cotío vimos laborando
por unha Galicia nova, e que nos sentimos
cada vez con mais forza e con mais folgos
pra outa empresa que pretendemos, chama-
mos a atenzón dos elementos agrarios de
toda Galicia pra facerelles persente que,
d'un modo incondicional, hachámonos dis-
postos a tomar nota de cantas queixas nos
espoñan pra logo, unha vez enteirados, pro-
curar poñerlles remedio valéndonos pra iso
dos outos valedores que á nosa veira temos.

Un trunfo das "Irmandades"

EN Pontedeume trunfóu un candidato re-
xionalista nas derradeiras eleicións muni-
cipás.

Na Cruña trunfóu outro. O candidato trun-
fante na Cruña é o abogado e poeta enxe-
bre D. Xosé Irexas Roura, primeiro tesou-
reiro da «Irmandade da Fala», exdirector
d'A NOSA TERRA, home novo de moita
cultura e de reconecido bô senso.

O Sr. Irexas Roura, a noite do seu trunfo
pronuncioulles un discurso en galego ós
seus eleitores, afirmando que il iba ó Con-
cello con carácter rexionalista.

O Sr. Irexas Roura ten mentes de falar
no noso idioma nas sesións do Municipio.

Outros concexaes que tamén son irmáns
nosos pensan igoalmente falar en galego.

A «Irmandade da Fala» da Cruña fixo
canto puido pra axudar na sua elección, si-
guindo a lóxica táctica galeguista, ó señor
Irexas Roura.

Pódese dicire, pois, qué temos xa un re-
persentante das nosas autuacións no Muni-
cipio da Cruña e outro no Municipio de Pon-
tedeume.

O boa semente non foi estéril.

¡Terra a nosa!

DESPOIS DA LOITA ELEITORAL

Unhas considerazóns e unha chamada

FIXÉRONSE as aleicións municipaes en toda
España e, a despeito da política de re-
novación qu'a rubida do novo goberno ten
de impôr, eiquí, en Galicia, as ruís artes ca-
ciques de sempre trunfaron unha vez mais,
e aqueles que tiñan a forza dos votos, os
que a cotío con tenacidade exemprar veñen
laborando por rediñírense das poutas caciq-
ues, n-unha verbe, os elementos que com-
poñen as sociedades agrarias—única forza
eistente oxe en Galicia que s'atope axeita-
da pr'à loita—ollaron bulrados, como di-
nantes de qu'a política renovadora fose un
feito, as suas lexítimas arelas e os seus
inalienabres dereitos.

Craro é qu'isto sucede porque por moi
sinceris que sexan os propósitos dos go-
bernantes con respecto á emisión de vounta-
de popular, difícilmente s'adiantarán nada no
camño do adementamento do sufraxo entra-
metras non se desfagan, arrincándoas de
niz, as autuás organizacións caciques. Son
noitos os anos qu'o actual sistema leva
ergueito, as raíces pol-o mesmo háchanse

ben afincadas, e pertender que, n-un mo-
mento dado, se trastoque tod'à artificiosida-
de das organizacións e se desfagan os tin-
gladiños armados ó conxuro dos intereses
creados, é d'unha gran infantilidade ou d'un-
ha gran hipocresía.

Renovazón, si; mais qu'isa renovazón sexa
feita como debe faguérese. Percisamente,
logo virán as eleicións xeneraes, n-elas as
bulras ó sufraxo e á vountade dos cidadans
continuarán, sempre e cando permanezan en
pe as organizacións que pol-o seu xeito están
obrigadas a intervir. Sóio podería atopárese
remedio pr'à cousa facendo algo que non se
fará, isto é: solicitando qu'as eleicións nosas,
as eleicións galegas, sexan intervidas por
axentes do goberno, estranos á rexión, con
garantías suficientes de dinidá e moralidade,
sin que pra nada relacionado con eleicións se
permitise a intervenzón dos autuás alcaldes,
segredarios, xueces municipaes, etc. D'iste
xeito a vountade popular amostriárase crara
e os repersentantes elexidos serían os ver-
dadeiros repersentantes do pobo. Sóio eist

A NAZONALIDADE E O ESTADO CENTRALIZADO

FRENTE à conceición do Estado, unitario e centralizador, háchase a da nazonalidade, ceibe e soberana. Amas conceicións son como puntos extremos d'unha trayectoria ideal que conduce d'outra que é despotismo e abyección, a tiranía, até aquilo que de mais outo hai na esfera do dereito político e do dereito individual, a liberdade. Centralización, unitarismo, uniformidade, velaí tres conceptos equivalentes, nos que de feito existe un fondo, un enorme antagonismo pra con todo aquilo que sinifique liberación, autonomía, goce pleno da propia persoalidade. E-eisí como o Estado soberán, o Estado un, o Estado ó xeito d'iste en que vivimos, ademais de empechar en si aqueles tres conceptos afincase sempre derriba da opresión e a forza, sendo en tal senso a negazón da liberdade e do sagro dereito de espresión das voutades tanto colectivas como individuais; a nazonalidade pol-o contrario, afincase derriba da ceibe voutade dos individuos, e os sillares que lle sirven de base son a transazón, o mutuo convenio, a solidariedade d'intreses, as afinidades nascidas de comús aspiracións e tradicións.

D'isto dedúcese qu'o nazonalismo é adoito unha tendencia á armonización e á solidariedade, fundindo pírmeiro voutades individuais, do xeito que no trecho anterior decimos, o que dona por resultado unha comunidade de concenza e de voutade antre os individuos, comunidade que ven a constituir, até certo punto, unha das características esenciaes da nazonalidade, non sin reconecer por iso qu'eisisten outras carau-

terísticas tales como o idioma, a raza—isto no senso histórico, non no antropológico, pois hoxe en Europa razas ben definidas non eisisten—o medio xeográfico, as costumes, etc.; fundindo mais tarde voutades colectivas, de nazón a nazón, o que da despois lugar ó Estado federal, o verdadeiro Estado, integrado pol-as nazonalidades qu'o formen donas xa de si mesmas e dos seus destinos.

Mais, eisí com'a nazonalidade é algo que non se basa na opresión e o asoballamento de ninguén—coralario do sentimento nazonalista é a prena liberdade de todol-os núcleos nazonales pra, unha vez donos de si mesmos, en posesión ausoluta da súa voutade soberana, decidir as axudas mutuas a aquelas solidariedades indispensabres qu'unhos a outros terán de emprestarensen en todo aquilo que por igual lles afeute—pol-o contrario o Estado unitario, centralizado, labora incesantemente, da xeito firme e decisivo, pol-a desnaturalización d'aquelas nazonalidades qu'o constituíen, e isa desnaturalización ten que faguérese, soio pode faguérese a costa do sacrificio das libertades dos núcleos nazonales qu'o integran, arrincándolles a súa yalma, destruíndos; velaí, pois, a prena xustificación do aserto noso, de que Estado e nazón son como puntos eistremos d'nnha trayectoria ideal que conduce dende a tiránica opresión do déspota afincada na escravitude de pobos até aquilo totalmente diverxente e oposto, como é a emancipación e a liberdade.

Frente á antihumana artificiosidade do Estado unitario, creación eisclusiva da im-

posición d'un grupo mais ou menos grande á maioría, atoparásese adoito a humana realidade do Estaaio federal, da unidade orgánica superior creada pol-o pacto e a comenza mútua—sin intervenção algunha de violencia—das diversas entidades colectivas que constituíen os núcleos nazonales integradores do estado vario e diversificado como un ser orgánico, puxante e vital, que s'atopa mui lonxe do amorfismo das grandes masas materiaes inertes e sin vida. E eisí como dinantes decíamos qu'o Estado é a resultante da imposición d'unhos poucos sobre dos mais, de xeito totalmente oposto pode afirmarse qu'a nazonalidade é algo que representa o punto de coincidencia das voutades d'un conxunto de individuos, cuia voutade común orixina isa entidade perpetuamente viva que se chama nazón.

Ó contrario do Estado que significa hexemonía, predominio d'algo alleo, d'algo que por non habere saído da entrana mesma do pobo repúgnalle, a nazonalidade é o resultado constante, perdurabre, endexamais susceptible d'estinção, do *referendum* eternamente vivente d'un pobo que manifesta a súa decisión de sere sempre un e o mesmo, dentro do Estado á que pertencece, fora d'ise Estado ou de calquer xeito que sexa. Por outra parte, eisí com'a misión do Estado centralizado, no seu afán de unificar, é destruír nazonalidades, e o destruír nazonalidades equival a asoballalas, a abafalas escravizándolas, porque destruílas é imposible; os Estados federaes, as agrupacións ceibes de pobos constituíndo federacións son, pol-o contrario, creadoras e conservadoras d'eles e por ende unha segura profilaxis contra os manexos bélicos, qu'oxe pol-a nosa disgracia fan tremar ó mundo co-as febriles augurias d'unha visión dantesca.

RAMÓN VILLAR PONTE.

5) FOLLETON DE «A NOSA TERRA»

CERTAME DE «MARUXA»

Ramón Cabanillas, poeta da raza

(APUNTES PRA UN ESTUDIO)

tres do primeiro renacemento literario galego e aínda co'as dos grandes poetas d'España e do estranxeiro.

Cabanillas produxo tanto e tan bó, que fanse difzles as seleicións, propias soio d'un libro esquirto paseniñamente. O mesmo nas que poderíamos chamar suas poesías civís, que nas líricas, nas panteistas e nas humoradas, a xenialidad deita vitoriosa. Coma Valle Inclán na prosa, il idealiza o sensibre e sensibiliza o ideal. E trunfa na balada e no *lied*—xéneros coase inéditos en España, conforme dixo moi ben a Pardo Bazán.

Abride as follas de *No Desterro*. Ali atópanse c'o nome de *Lexantías* composicións admirabres. Aquela poesía na que s'amostra a *morriña* de maneira sinxela, por meio d'unha palabra antre a y-alma e o corpo.

—¿Ti en que pensas alma miña?...

é orixinalísima. Aquela evocación da brauca trainera cambadesa

*Con dez remos por banda
araña xigutesca
que tece cubizosa
co'a prata das escumas
o velo d'un altar,*

resulta modelo de bó gusto. Aquela lembranza das meniñas que cantan

*Na praciña do cruceiro
collidas as mans, en roda*

é unha mancha ateigada de bela melenconía.

As veces, Ramón Cabanillas, trócase elixiaco, e nos seus versos parez latexar un eco lonxano dos versos de Xan R. Ximénez.

*As brancas sabáns do leito
son mortaxa d'un amor.
¡Está enfermiña do peito..
y-o naranxal está en fror!*

N'outras ocasións chega a abranguere as modalidades mais inspiradas do murciano Vicente Medina

*Aquel día que a nena compañeira
quedou no camposanto
acabouse o xogar...*

*Pro teño aínda unha espranza. ¡Cando morra
hame estar agardando*

*y-hei de volver con Ela, a cortar rosas
e vorrer pol-os agros!*

Lonxanas semellanzas con poesías de Antonio Machado e Marquina poderíamos ofrecer moitas. Outias veces as modalidades poéticas de Cabanillas chegan á outura das de Guerra Xunqueiro. Eisí parécennos, verbi-gracia, as d'aquela composición:

*Reza un nerlo no soute...
Nos cálices das rosas
hai comunión de orballo.*

E veñen os *Paisaxes*, colección de sonetos que resultan verdadeiras acuarelas cheas de realismo, latexantes de vida, insuperabres, que sendo cousa moi sinxela n'aparencia, poden decírense cousa nova na nosa literatura.

Hai tamén un feixe de *Rimas* que empárellan a Cabanillas c'os grandes poetas do Norte. Son como xiróns de brétema svaída nos que unha rayola de sol alumea ó mesmo tempo un bágoa e unha sorriso. Estas *Rimas* atopan unha segunda parte nas *Partidas feridas* de Vento Mareiro.

Un canto a Curros Enríquez, loubando *A Virxe do cristal*, que fica co'a entrada no

ENSAIOS

CUSTIÓS xurídicas? custiós sociaes? económicas? Non-o sei: pra min todol-os problemas galegos son tan firentes, tan abafantes, que hai momentos en que penso si non sería millor non estudialos, si non sería millor trocar o actual estado de cousas, co-a seguridade de que o que aparecese despois había de sernos mais ventaxoso. Por iso por riba de total-as nosas custiós e problemas eu vexo sempre unha suprema custión de dinidade. Donde atopei unha custión, feito, circunstancia que se referise a nosa terra sempre vin alí encuberto un esquecemento ou un aldraxe. I-estos feitos obrígnanos a mostral-os tal como na realidade os vemos, sin metodizal-os. Tamen a nosa cultura está n-un período constituyente. Pirmeiro estudiemol a realidade galega; dimpois sistematizárase. Por iso a istas notas ceibes que irei espoñendo cando me cadre e poida, soilo como ensaios as publico, porque non son froito d'un estudio metodizado, sinon da realidade que m'as enseñou. ¿Trabucadas, incompletas? De todo terán sin dúbida; mais serán detales; o fondo, incontrovertible por ser a realidade mesma, probará sempre—e iso é o que pretendo—que a redenzón galega, a solución plena dos problemas galegos, soilo se dará cando o nazionalismo trunfe; por iso poderemos ficar trabucados nos detalles e procedimentos, mais sempre gravitará sobor nós ista gran verdade: que o ideal nazionalista é algo sagrado, intanxible e dogmático; porque, a maneira do que pasa n-o fondo doutrinal de total-as relixiós, tamen n-o fondo da y-alma das nazóns e dos pobos hai algo indiscutible e dogmático, que son as custiós de dinidade, custiós da vida ou morte, e aquelas normas supremas de administración e goberno que deben sustentárese por riba de total-as evoluciós históricas. E non

se diga que moitos problemas galegos podían tær solución dentro do réximen centralista actual; sempre serían solucións aisladas, non integrales; e a experiencia demostra a inutilidade das reformas aisladas cando pugnan co sistema e co ambiente que predominan.

Un día n-as Cortes de Cádiz, oficial e públicamente chamóuselle a Galicia «filia espuria da nación española.» Iste aldraxe adquireu carta de natureza no espírito dos nosos lexisladores; e todos iles, c'unha perseveranza secular, xuntaron seus esforzos pra fundil-a n'un estado antixurídico en armonía co calificativo indino qu'ela consagrou co seu silencio. E por iso oxe Galicia está vivindo fora da esfera legal. Somos a verdadeira rexión cincenta; e isto non é un tópico; é fácil de amostar.

Total-as rexións de España teñen reconecida oficialmente sua persoalidade rexional. Baskonia e Navarra teñen o privilexio do réximen económico foral. Isas mesmas rexións, e Cataluña e Aragón teñen vixente o seu dereito foral. Andalucía e tod'o centro d'España (que forman unha soia rexión natural, inda que con diversos nomes) tamen teñen reconecida oficialmente sua persoalidade n-o réximen proteccionista da nosa Facenda. Valencia ten costumes de dereito civil e practicas mercantiles reconecidas pol-as leixes ou pol-a xurisprudencia española. O Código civil é a lexislación natural nas rexións centraes d'España; está basado n-os corpos de dereito que durante séculos rexiron n'isas terras. O dereito complementario da nosa actual lexislación forman-ol-ises códigos e compilaciós xurídicas que desarrolláronse e fixéronse e practicáronse n-as rexións centraes. En troques, o dereito foral galego nin está vixente nin é comple-

mentario do réximen xurídico actual. Estamos pois sometidos a un dereito que non é noso dereito, a unhas leixes que non refre-xan nosas costumes. É pois Galicia a *única* rexión d'España que non ten reconecida sua persoalidade dentro do Estado español. Galicia é un nome sin valor; no mundo das leixes, n-o mundo das xusticias e das liberdades Galicia non existe. ¿Non é pois unha realidade que Galicia é a verdadeira rexión cincenta?

LUIS PEÑA NOVO.

El Ideal Gallego, xornal da Cruña que se chama rexionalista, non dóu ningunha noticia, pequena nin grande, das conferencias pronunciadas por Lois Porteiro no *Circo d'Artesanos*.

Tampouco quixo publicar a información do viaxe dos galeguistas á Barcelona.

Cónstanos que moitos lectores d'aquel xornal atoparon fora de toda desculpa somellante xeito propio d'un boletín aldeán.

Cónstanos que *El Ideal Gallego* non vai a ningunha parte.

E, pol-o demais, convén ir arrincando caretas. Na hora solene da loita impónse a sinceridade.

Xa veremos quen perde.

Os lectores d'A NOSA TERRA, que son 6.000 galegos, xa saben o con-ceuto que nos merece ise xornal... que vive na vellez das vellas velleces, no senso material e espiritual.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na administración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

BALDOMIR

Pôrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

FERROL**H. LA PALOMA**

DE

Ramón Morandeira

Este espléndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bío e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

—><—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

VALLE DE MONTERREY - Ourense

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña.— Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.